

ACTA DA 22ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 17 de novembro de 2025.

Lugar: mixta: presencial e a través de videoconferencia.

Hora: 13:00 horas.

Hora de remate: 14:30 horas.

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente.
2. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos. Vogal.
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
5. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática].
6. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo Territorial de Pontevedra. Vogal [Telemática].
7. M^a Asunción Liñares Castro, auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vogal [Telemática].
8. Diego Gómez-Aller Andrés, arquiveiro do Arquivo Municipal de Vigo. en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Vogal [Telemática].
9. Susana Díaz García, arquiveira do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal [Telemática].
10. Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal [Telemática].
11. Consuelo Tación Sanjuás, arquiveira do Consello de Contas de Galicia. Vogal [Telemática].

Xustifican ausencia

1. José María Barreiro Diaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vicepresidente.

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
2. Renovación de membros do Consello
3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais
 - 3.1. Propostas de avaliación de series documentais



Administración autonómica

Arquivo de Galicia

- Expedientes de inspección ambiental (AA0566)
- Expedientes de avaliación ambiental de actividades (AA2399)
- Expedientes de autorización de reproducións de documentos dos arquivos para a súa publicación e/ou difusión (AA0385)
- Expedientes de autorización para cortas en zona de servidume de leitos (AA5022)

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

- Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio (AA0632)

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual (AA1288)
- Expedientes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador de cooperativas e sociedades laborais (AA1732)
- Expedientes de axudas a cooperativas e sociedades laborais para a incorporación de socios traballadores (AA1783)
- Expedientes de axudas para a promoción do cooperativismo mediante o fomento de acceso á condición de socio traballador (AA2165)
- Expedientes de axudas para o fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (AA2368)

Arquivo Central de Economía e Industria

- Expedientes de instalacións radioactivas 2ª e 3ª categoría (AA1213)
- Expedientes de inscrición, baixa ou modificación da inscrición no Rexistro de instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico (AA1434)

Arquivo Central da Consellería de Política Social e Igualdade

- Expedientes de solicitude ou renovación do Título de Familia Numerosa (AA1217)

Arquivo Central da Consellería do Mar

- Expedientes de concesión de licenzas de pesca marítima de recreo (AA2719)

3.2. Revisión da proposta de avaliación de series aprobadas polo Consello:

Administración institucional

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento. (U001). Serie aprobada na sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia o 9 de xullo de 2019 e publicada no DOG núm. 4 do 8 de xaneiro de 2020. Táboa T0030.

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

4.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Administración autonómica

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva (AA1302)
Táboa T0064, DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 1991-2005



Volume a eliminar: 1.473 unidades de instalación

Arquivo Central de Política Social

- Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos. (AA0559)
Táboa T0042, DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020
Datas extremas: 2013-2016
Volume a eliminar: 210 unidades de instalación

Administración institucional

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001)
Táboa T0030, DOG 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 2012-2018
Volume a eliminar: 177 unidades de instalación

Administración local

Deputación de Pontevedra

- Expedientes de multas en materia de tráfico (AL941)
Táboa T0104, DOG do 22 de agosto de 2023
Datas extremas: 2005-2012
Volume a eliminar: 56 unidades de instalación

4.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Administración autonómica

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio (AA0632)
Datas extremas: 1984-2003
Volume a eliminar: 1.174 unidades de instalación

5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Non hai observacións dos membros.

Queda aprobada a acta da sesión anterior.

2. Renovación de membros do Consello

O director xeral de Cultura da a benvida a Diego Gómez-Aller Andrés, arquiteiro do Arquivo Municipal de Vigo, vogal nomeado en representación da Federación Galega de Mu-



nicipios e Provincias (FEGAMP), en substitución de José Luis Castro Carpintero, arquiveiro da Deputación Provincial de Pontevedra, recentemente xubilado.

3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

3. 1. Propostas de avaliación de series documentais

O presidente pasa a palabra en primeiro lugar a M^a del Mar García Miraz, que expón as catro propostas do Arquivo de Galicia:

- *Expedientes de inspección ambiental (AA0566)*
- *Expedientes de avaliación ambiental de actividades (AA2399)*
- *Expedientes de autorización de reproducións de documentos dos arquivos para a súa publicación e/ou difusión (AA0385)*
- *Expedientes de autorización para cortas en zona de servidume de leitos (AA5022).* Nesta última proposta M^a Carmen Calviño aclara que se detectou un erro no tipo de selección. En lugar de "eliminación parcial" debe dicir "eliminación total". Alfonso Cascudo propón engadir no apartado de series complementarias a serie AA4204 "Expedientes de autorización para cortas de árbores en zona de policía de leitos", xestionada pola Dirección Xeral de Montes.

Apróbanse as series coas correccións mencionadas.

A continuación Mar García pasa expoñer a serie documental

- Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio, realizada no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Non hai comentarios. Apróbase.

O presidente pasa a palabra a Gabriel Quiroga que expón os estudos realizados no Arquivo do Reino de Galicia:

- Expedientes de inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual (AA1288). Explica que segundo consta no estudo presentado o período analizado chega ata o ano 2008. Xurde agora a dúbida de se a serie non ten continuidade mais aló deste período, habería que modificar a data final. A aprobación do estudo queda condicionada a esta comprobación. Ademais débese eliminar do campo mostra a frase "conservación das declaracións de propiedade intelectual".

Continúa Gabriel Quiroga coa exposición das catro series xuntas do ámbito de relacións laborais, xa que son complementarias.

- Expedientes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador en cooperativas e empresas de economía social, no contexto das políticas de fomento da economía social, complementarias das políticas activas de emprego (AA1732)
- Expedientes de axudas a cooperativas e sociedades laborais para a incorporación de socios traballadores (AA1783)
- Expedientes de axudas para a promoción do cooperativismo mediante o fomento do acceso á condición de socio traballador (AA2165)
- Expedientes de axudas para o fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo ; fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (AA2368)



Aclara que, tras o envío dos estudos aos membros do Consello detectouse un erro por causa da aplicación informática de elaboración dos estudos de avaliación, que duplicou o tipo de selección, incluíndo ao mesmo tempo a conservación permanente e a eliminación parcial. O correcto no tipo de selección é a eliminación parcial dos expedientes de solicitude e a conservación dos documentos xerais da convocatoria.

M^a del Carmen Calviño indica que debe eliminarse da xustificación a obriga do asesoramento do Instituto Galego de Estatística para o cálculo da porcentaxe da mostraxe.

Non hai máis comentarios. Apróbanse as catro series condicionadas á corrección dos cambios sinalados.

A continuación o presidente da novamente a palabra a Mar García, que expón dous estudos realizados no Arquivo central da Consellería de Economía e Industria.

- Expedientes de instalacións radioactivas de 2^a e 3^a categoría (AA1213). En relación ao acceso, hai que aclarar: o prazo xeral de libre acceso é de 30 anos agás a información sobre a localización e medidas de protección das fontes radioactivas recollidas nos plans de protección, que queda excluída da consulta ata a clausura da instalación.

Non hai comentarios por parte dos asistentes, polo que se aproba o estudo.

- Expedientes de inscrición, baixa ou modificación da inscrición no Rexistro de instalación de raios X con fins de diagnóstico médico (AA1434).

Explica que nesta última serie propónse unha eliminación total dos expedientes no prazo dun ano a partir da baixa da instalación deixando unha mostra de 5 expedientes dados de baixa cada ano, baseando a proposta na existencia e conservación dos datos que figuren no Rexistro de instalacións de raios x con fins de diagnóstico médico. Dado que non hai constancia da existencia do Rexistro, considérase un risco eliminar dita serie, polo que decídese retirar o estudo ata ter feitas estas comprobacións.

A continuación a mesma vogal fai a exposición do estudo realizado no Arquivo Central da Consellería de Política Social e igualdade:

- Expedientes de solicitude ou renovación do Título de Familia Numerosa (AA1217)

Nesta exposición sinala que hai varias cuestións que se discutiran no grupo de traballo e que no estudo presentado non aparecen recollidas tal e como se acordaran. Son as seguintes:

- No apartado de vinculación con outras series documentais: as que aparecen como subordinadas deberían cualificarse de complementarias.
- Debe modificarse a redacción do apartado do valor administrativo. Non pode estar condicionado a "cando o título non estea en vigor".



- Debe tamén modificarse a redacción da xustificación do valor legal. Resulta equívoco afirmar que o título non xera beneficios pero que acredita o dereito a percibir axudas.
- O prazo xeral de libre acceso deberá ser o prazo máximo establecido pola Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (artigo 239: 50 anos.
- A data final do período estudado deberá chegar ata 2025.

Apróbase o estudo, condicionado á incorporación destes cambios.

A continuación Mar García faise cargo da exposición da serie realizada no Arquivo Central da Consellería do Mar:

- Expedientes de concesión de licenzas de pesca marítima de recreo (AA2719).

Comenta que no estudo presentado non se incorporaron algunhas modificación que foran acordadas no Grupo de traballo. Son as seguintes:

- A denominación dalgunhas unidades administrativas produtoras.
- O cambio do tipo documental "certificado" asignado ao xustificante do pagamento de taxas polo de "xustificante".
- O cambio de eliminación parcial polo de eliminación total. Deberá indicarse tamén o fito a partir do que comezará a contabilizarse o prazo.
- A proposta de conservación dun expediente por ano por cada xefatura deberá indicarse na columna de Mostra e non na de Mostraxe.

Alfonso Cascudo sinala ademais que habería que engadir outros produtores que non están recollidos.

Apunta tamén que non están aliñados o prazo do valor administrativo (4 anos) co sinalado para a transferencia ao arquivo intermedio (6 anos) e que isto xa fora comentado tamén no grupo de traballo. Propón que o prazo de 4 anos determine tanto a transferencia como o prazo para a eliminación. M^a del Carmen Calviño di que o prazo de 6 anos é por prudencia.

En relación á entidade financeira colaboradora, no grupo de traballo acordouse eliminar o nome concreto da entidade.

A subdirectora xeral engade que hai que completar o apartado de datas extremas do período estudado: 1983-2025.

Apróbase o estudo condicionado á realización das modificacións propostas.

3.2. Revisión dunha proposta de avaliación dunha serie xa aprobada polo Consello:

Por último o presidente da a palabra a Desirée Domínguez, que presenta o estudo da serie Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001), que fora aprobada na sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia do 9 de xullo de 2019 e publicada no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020.



O estudo, realizado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, preséntase de novo coa finalidade de ampliar o período analizado (desde 2019 a 2025) e incorporar algunhas modificacións que non afectan a cuestións substanciais. En concreto modifícase o prazo xeral de acceso para adaptalo ao establecido na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia para os documentos que non conteñan datos especialmente protexidos (30 anos) e se amplía a mostra determinada pasando de 1 unidade de instalación a 5 exemplares, por considerarse unha mostra excesiva.

Non se formula ningún comentario por parte dos asistentes, polo que se aproba a proposta presentada.

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

4.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura da conta da relación de propostas de eliminación que figuran na orde do día, e co vº e prace dos asistentes, o Consello dáse por informado.

4.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

A proposta do Arquivo Territorial de Pontevedra queda condicionada á aprobación da Táboa de avaliación presentada nesta xuntanza.

4. Rolda de intervencións

Continúa facendo uso da palabra o director xeral de Cultura que comunica ao Consello a recepción dunha comunicación na que a Universidade de Vigo manifesta o seu interese en continuar participando no Grupo de traballo de Universidades, tras un período de interrupción. Tamén comenta que desde a Xunta de Galicia se lle ofreceu á Universidade a posibilidade de participar como convidados no Grupo de traballo de Administración autonómica.

A continuación pide a palabra Gabriel Quiroga para tratar dúas cuestións.

A primeira delas é chamar a atención sobre as dificultades reais para controlar as eliminacións que os diferentes departamentos territoriais podan realizar amparados polos ditames aprobados nas series avaliadas cando non existan técnicos arquivistas no departamento. Nin en Coruña nin en Ourense hai arquivos territoriais.

A segunda é comunicar que esta será a súa última asistencia ás reunións do Consello debido á súa próxima xubilación e quere deixar constancia do moito que aprendeu durante o tempo en que participou, tanto no Grupo de traballo como no propio Consello.

O director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, agradécelle os servizos prestados desde a creación deste Consello e lle desexa o mellor para esta nova etapa.

Toma a palabra Mari Carmen Calviño que, sobre a primeira cuestión, comenta que todas as unidades teñen a obriga legal de axustarse ao procedemento de eliminación e que



desde a Subdirección xeral faise un gran esforzo por comunicar os estudos aprobados a todas as consellerías afectadas e tamén por recordarlles o procedemento para levar a cabo as posibles eliminacións.

Sobre a segunda cuestión, agradécelle moito a súa dedicación e esforzo ao longo destes anos e lle desexa igualmente unha feliz xubilación; felicitación e agradecemento ao que se suman os membros do Consello.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior.
2. Aprobar os estudos correspondentes as seguintes series documentais:
 - Expedientes de inspección ambiental (AA0566)
 - Expedientes de avaliación ambiental de actividades (AA2399)
 - Expedientes de autorización de reproducións de documentos dos arquivos para a súa publicación e/ou difusión (AA0385)
 - Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio (AA0632)
 - Expedientes de instalacións radioactivas de 2ª e 3ª categoría (AA1213)
 - Revisión da serie Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001)
3. Aprobar, coa condición dun novo envío á secretaría do Consello dos estudos, unha vez incorporados os cambios sinalados, as seguintes propostas:
 - Expedientes de autorización para cortas en zona de servidume de leitos (AA5022)
 - Expedientes de inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual (AA1288).
 - Expedientes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador en cooperativas e empresas de economía social, no contexto das políticas de fomento da economía social, complementarias das políticas activas de emprego (AA1732)
 - Expedientes de axudas a cooperativas e sociedades laborais para a incorporación de socios traballadores (AA1783)
 - Expedientes de axudas para a promoción do cooperativismo mediante o fomento do acceso á condición de socio traballador (AA2165)
 - Expedientes de axudas para o fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo; fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (AA2368)
 - Expedientes de solicitude ou renovación do Título de Familia Numerosa (AA1217)
 - Expedientes de concesión de licenzas de pesca marítima de recreo (AA2719)



4. Non aprobar a serie de Expedientes de inscrición, baixa ou modificación da inscrición no Rexistro de instalación de raios X con fins de diagnóstico médico (AA1434), en tanto non se aclare a existencia e conservación do Rexistro.
5. Dar conta das propostas de eliminación de documentos presentadas, tanto as que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG, como a presentada polo Arquivo Territorial de Pontevedra, condicionada á aprobación do estudo de expedientes de liquidación do imposto sobre o Patrimonio (AA0632).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:30 horas.

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria

O presidente

Mª Josefa Piñon López

Anxo M. Lorenzo Suárez

